



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

REUNIDOS

Dunha parte, don Ricardo José Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, co NIF Q6550005J, que actúa en nome e representación desta institución en virtude da súa condición de reitor no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que lle outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da UDC.

Da outra, don/dona

co NIF , representante de

co CIF e co domicilio social

en calidade de

Ambas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación suficiente para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O de de asinouse o convenio de colaboración educativa entre e a Universidade da Coruña (UDC), en que se establecen a forma e as condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nas instalacións de

SEGUNDO. O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de

ADENDA AL CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA Y PARA LA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

REUNIDOS

De una parte, don Ricardo José Cao Abad, Rector Magnífico de la Universidad de A Coruña, con NIF Q6550005J, que actúa en nombre y representación de esta institución en virtud de su condición de rector en el uso de las atribuciones que le confiere el artículo 36.1.f) de los Estatutos de esta universidad, aprobados por el Decreto 101/2004, de 13 de mayo, de la Xunta de Galicia y modificados por el Decreto 194/2007, de 11 de octubre, que otorga al rector la facultad para firmar convenios en nombre de la UDC.

De la otra, don/doña

con NIF representante de

con CIF y con domicilio social en

en calidad de

Ambas partes se reconocen plena capacidad y legitimación suficiente para la formalización del presente convenio y, a estos efectos,

EXPONEN

PRIMERO. El de de se firmó el convenio de colaboración educativa entre y la Universidad de A Coruña (UDC), en el que se establecen la forma y las condiciones de cooperación entre las partes para la realización de prácticas externas de los estudios oficiales de grado y máster universitario en las instalaciones de

SEGUNDO. El Real Decreto-lei 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urgentes para ampliar derechos de los pensionistas, reducir la brecha de género y establecer un nuevo marco de sostenibilidad del sistema público de pensiones, añadió

penións, veu a engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, en que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

De acordo con esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desa disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnado universitario e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster ou doutoramento, así como as dirixidas á obtención dun título propio da UDC. O referido real decreto-lei establece que as persoas que realicen estas prácticas quedarán incluídas como asimiladas a traballadores por conta allea no Réxime xeral da Seguridade Social, e que o cumprimento das obrigas de Seguridade Social lle corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou o organismo que financie o programa de formación e, no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade en que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, de ser o caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que esas obrigas sexan asumidas polo centro de formación responsable da oferta formativa.

Este novo réxime entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2024, polo que se debe incorporar ao Convenio a nova regulación.

De acordo co anterior, as partes

ACORDAN

Introducir no convenio asinado entre a UDC e

una nueva disposición adicional quincuagésima segunda en el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, aprobado por el Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, que regula la inclusión en el sistema de la Seguridad Social el alumnado que realice prácticas formativas o prácticas académicas externas incluídas en programas de formación. Según esta disposición, realizar prácticas formativas en empresas, instituciones o entidades incluídas en programas de formación, y realizar prácticas académicas externas al amparo de la respectiva regulación legal y reglamentaria determinará la inclusión en el sistema de la Seguridad Social de quienes las realicen según esa disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre otras, las realizadas por alumnado universitario y dirigidas a la obtención de titulaciones oficiales de grado y máster o doctorado, así como las dirigidas a la obtención de un título propio de la UDC. El real decreto-ley establece que quienes realicen estas prácticas quedarán asimiladas a trabajadores por cuenta ajena en el Régimen General de la Seguridad Social, y que el cumplimiento de las obligaciones de Seguridad Social corresponderá, en el caso de las prácticas formativas remuneradas, a la entidad u organismo que financie el programa de formación y, en el caso de las prácticas formativas no remuneradas, a la empresa, institución o entidad en la que se desarrollen aquellas, salvo en el convenio o acuerdo de cooperación que, en su caso, se subscriba el centro de formación responsable de la oferta formativa.

Este nuevo régimen entró en vigor el 1 de enero de 2024, por lo que debe incorporarse al Convenio la nueva regulación.

De acuerdo con lo anterior lo anterior, las partes

ACUERDAN

Introducir en el convenio firmado entre la UDC y

o de de , a seguinte cláusula e deixar sen validez todas aquelas outras incluídas no convenio orixinal que se lle opoñan:

«Relación entre a Entidade e o alumnado en prácticas

1. A realización das prácticas non supón en ningún caso o establecemento dun vínculo laboral entre o alumnado e a Entidade, que non poderán subscribir ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación recollidas na normativa laboral.

Se o/a estudante se incorpora á Entidade ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non computará para os efectos de antigüidade nin eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

2. A realización das prácticas non implica dotación económica obrigatoria por parte da Entidade, aínda que se poderá prever unha asignación para o/a alumno/a en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.

3. A realización de prácticas determinará a inclusión do alumnado no sistema da Seguridade Social nos termos establecidos na normativa que estea vixente no momento de formalizarse a colaboración. As obrigas da Entidade e da Universidade da Coruña ante a Seguridade Social estarán reguladas por resolución reitoral».

En proba de conformidade, asíñase este addenda, na data da sinatura electrónica.

O reitor da Universidade da Coruña
El rector de la Universidad de A Coruña
Ricardo José Cao Abad

el de de , la siguiente cláusula y dejar sin validez todas aquellas otras incluídas en el convenio original que se le opongan:

«Relación entre la Entidad y el alumnado en prácticas

1. La realización de las prácticas no supone en ningún caso el establecimiento de un vínculo laboral entre el alumnado y la Entidad, que no podrán suscribir ninguna relación contractual, ni siquiera bajo las modalidades de contrato en prácticas o para la formación recogidas en la normativa laboral.

Si el/la estudiante se incorpora a la Entidad al acabar sus estudios, el tiempo de prácticas no computará a los efectos de antigüedad ni eximirá del período de prueba, salvo que el convenio colectivo de aplicación estipule algo distinto.

2. La realización de las prácticas no implica dotación económica obrigatoria por parte de la Entidad, aunque se podrá prever una asignación para el/la alumno/a en concepto de beca o ayuda al estudio.

3. La realización de prácticas determinará la inclusión del alumnado en el sistema de la Seguridade Social en los términos establecidos en la normativa que esté vixente en el momento de formalizarse la colaboración. Las obligaciones de la Entidad y de la Universidade da Coruña ante la Seguridade Social estarán reguladas por resolución reitoral».

En prueba de conformidad, se firma esta adenda, en la fecha de la firma electrónica.

Representante de la Entidad
Representante da Entidade